SDF

SINDICATO DO FOLCLORE

O sindicato nace a finais de 2022 polas inquietudes dos músicos José Manuel Díaz (contrabaixo), Virxilio da Silva (guitarra eléctrica) e Carlos Quintá (violín e voz) ; co interese de revisitar o repertorio vocal da música popular galega desde una óptica comtemporánea.

Tomando como punto de partida esas cancións do repertorio de canto e percusión de comarcas coma Bergantiños, A Fonsagrada ou os concellos de Fornelos de Montes,Pontecaldelas e Mondariz, quizais as tres áreas máis importantes e de máis riqueza dese repertorio vocal; viaxan a territorios sonoros nos que o jazz, a música africana ou o rock progresivo visten con diferentes cores e matices as melodías máis modais e poderosas da nosa música tradicional. Amáis diso unha concienzuda e actual escolla e nova escritura de coplas e letras, e un traballo de novas composicións sobre eses ritmos, completan un directo enérxico e impredecible.



Enlaces Sindicais

- Audio Bandcamp
- Instagram

LOS MUCHACHOS

Carlos Quintá
Estudia acordeón diatónico con Pedro Pascual no Conservatorio de Música Tradicional e Folque de Lalín, institución pioneira na pedagoxía da música popular da Galiza, completando ós seis anos previstos no plan de estudios; e de violín cursando ate grado medio na música académica para despois ampliar estudios autodidácticamente nos rexistros das músicas populares.
Asiste a talleres de música con mestres coma Jacky Molard, Janick Martin, Alain Pennec, Cati Plana, etc. Dende o ano 2009 é o profesor de acordeón diatónico na E-Trad, escola de música tradicional e folk do concello de Vigo.
Artísticamente forma parte coma músico e arranxista do grupo Linho Do Cuco, formación de murga contemporánea coa que leva producido os discos Linho do cuco (2004), 3 (2009), As Alegrías (2012) e Viva Viva (2016); do dúo Fdez e Quintá co zanfonista Óscar Fernández, e do cuarteto Estatalá centrado na interpretación de música popular para o baile. Desde o ano 2007 é músico das compañías de teatro e teatro de monicreques Seisdedos, Viravolta e Fantoches Baj, coas que leva participado na creación de máis de dez espectáculos e máis de 500 representacións por toda a península.
No 2019 co gallo da conmeración do ano Fraguas das letras galegas, publica co grupo Oradaladou o Cantigueiro de Cotobade (Ed. Galaxia), no que musica e graba o repertorio de tradición oral recollido por Antón fraguas no mencionado Cantigueiro .No 2021 graba e produce o disco Peixe do cantante e bailarín Xisco Feijoo, co que además actúa en directo.
Ten participado, tanto en grabacións como ao vivo con diferentes grupos como Os Cempés, Motor Perkins, Ataque Escampe, etc

Virxilio da Silva
Iniciou os seus estudos de Jazz en 2001 no Seminario Permanente de Jazz de Pontevedra. Licenciado en Jazz na ESMAE (Porto, Portugal) en 2010, ten ademais o título de Máster polo Conservatorium van Amsterdam (Holanda).
Gravou o seu primeiro álbum 106 Underground St. en 2005, coliderando o S.O.S. Trío. No 2009 lanzou o seu primeiro traballo como líder, Odysseia, acompañado por Walter Smith III, Marcus Gilmore, Derek Nievergelt e Xan Campos. Dende entón conta con preto de corenta referencias discográficas editadas até o día de hoxe, a contar colaboracións para outros artistas e os seus propios proxectos. Actualmente lidera a banda de jazz-rock JUZZ, en activo desde 2018, data de lanzamento do seu primeiro disco homónimo. Tamén colidera outros proxectos entre os que destacan Fuzzo, Loiros, Steel Sheep e The Manueles.
Ao longo da súa traxectoria ten tocado e gravado con músicos de renome internacional como Walter Smith III, Jonathan Blake, Marcus Gilmore, Ambrose Akinmusire, Myron Walden, Abe Rábade, Paco Charlín, Román Filiú, Perico Sambeat, John Clayton ou Darren Barrett, entre moitos outros.

Ademais, conta con diversos recoñecementos, como o Premio Concerto Autor SGAE con S.O.S. Trío (2005), o 1o Premio de Grupos das Escolas de Jazz de Portugal (Lisboa, 2008), o 2o Premio do Concurso Internacional de Grupos de Jazz no XXXII Festival de Jazz de Getxo (2010) co Javier “GDjazz” Pereiro Quartet, o Premio ao mellor solista nos Keep an Eye International Jazz Awards 2015 do Conservatorium van Amsterdam, e dous Premios Martín Códax da Música en 2014 e 2016 con Mónica de Nut e a banda de rock Foxy Freire respectivamente.

José Manuel Díaz

Nace na cidade de Matanzas (Cuba) no ano 1980. Aos 10 anos comeza os seus estudos de música na Escola vocacional de arte, na especialidade de contrabaixo. Nestes primeiros anos tivo o seu primeiro contacto coa música clásica universal.

Un tempo despois, a idade de 15 anos, continúa estudando na Escola nacional de artes, agora na cidade da Habana. Nesta etapa profundiza as habilidades na música clásica e descubre a música popular cubana e o jazz, xéneros que marcarán a súa formación musical ate o dia de hoxe.

Neses anos en Cuba ten participado en proxectos como Habana Casino (salsa), Son del nene (Soncubano e música tradicional), Alejandro Vargas Quartet (Jazz Latino), cos que participa en importantes festivais coma Festival de jazz de Ecuador nos anos 2005 e 2007, o festival de Jazz de La Habana nas edicións desde o 2004 ate o 2008, no Mercado Cultural Sao Paulo-Bahía ou Festival de Jazz de Noruega.

No 2009 ven a Galiza como parte do proxecto Galego-Cubano Descarga ao Vivo, centrado na reelaboración das músicas de Ultramar galegocubanas producido por Acentral Folque. Durante todos estes anos, xa asentado en Galicia ten participado en diversos proxectos, concertos e gravacións de diferentes proxectos, entre os que podemos destacar: Miniaturas musicais de Eugenio Granell (aCentral Folque); Chané na Habana(aCentral Folque), Marful (Disco Manual de Sedución), Ugía Pedreira e Fred Martins (disco Acrobata), Guadi Galego (Concerto Festival de Sines, Portugal), Óscar Fernández (Os cempés, Atlántica Vapora Orquestra), Marcos Teira (disco nós), Aline Frazão (disco Clave Bantú), Linho do Cuco, Pablo Seoane (disco Inopia), Felipe Villar trío (discos Home e Outro), Uxía Senlle (Cantos Na maré, disco Uxía-Uxío), Sónia Levedinsky (Xira Deserto de Centos), Tanxugeiras(discos Tanxugeiras e Desposorio, Festival de Jodpur Riff na India, Festival celta Celtic Conection en Glasgow, Festival do mundo celta de Ortigueira, Festival interceltico do Morrazo), Xisco Feijóo (disco e xira Peixe), ou Limbico (disco Límbico).